

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2016 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.*

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 248, do 30 de decembro de 2015, publicouse a Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

No punto terceiro do Resolvo establécese que o prazo de presentación de solicitudes rematará o 12 de febreiro de 2016.

Tendo en conta que as solicitudes de axuda deben presentarse mediante formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na oficina virtual do Igape, e que o dito formulario estivo dispoñible con certo atraso, considérase conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes ata o 2 de marzo de 2016.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dado que non se causan prexuízos a terceiros,

RESOLVO:

Primeiro

Ampliar ata o 2 de marzo de 2016, inclusive, o prazo de presentación de solicitudes previsto no punto terceiro do Resolvo da Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras



das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

